

Tema 5. O Greco e San Lourenzo do Escorial


Explíquense as características da pintura do Greco a través de sus obras más representativas. Explíquense as características de San Lorenzo del Escorial.

Comunmente acéptase o s.XVI como o comezo da influencia do Renacemento italiano en España. O nacemento do Estado Moderno, o desenvolvemento do Imperio Hispánico dos Austrias e as intensas relacións políticas e relixiosas con Italia favoreceron o interese polas artes.

Na estética do Renacemento español poden aparecer certos elementos como o arte nazarí, o gótico castelá ou as tendencias flamengas, con tendencias italianas. A península recibe artistas italianos, envíanse aprendices e artistas alí, impórtanse libros, deseños, cadros... A falta dunha burguesía forte e enriquecida, a maioría dos encargos son da Corte, a nobreza e a Igrexa. Dentro deste contexto temos dous referentes especiais: a obra pictórica do Greco e o modelo arquitectónico de San Lourenzo do Escorial.

A obra arquitectónica máis relevante do Renacemento español é o **Mosteiro de San Lourenzo do Escorial** (1563-1584). Con esta magna obra iníciase en España un novo estilo artístico denominado **herreriano** (por ser Herrera o arquitecto) que supón unha drástica depuración decorativa. A obra, en realidade, correspóndese co espírito da Contrarreforma e asume influencias do manierismo italiano. É un encargo de **Filipe II**, con diferentes obxectivos: conmemorar a vitoria na batalla de San Quintín contra os franceses no día de San Lourenzo, crear un **Panteón Real** para cumprir os desexos do seu pai **Carlos I**, e seguir os principios do **Concilio de Trento**. desenvolvendo un gran centro monástico con basílica e colexio.

O carácter monumental da construción debía responder ao esplendor do país, neste momento España era a primeira potencia económica e militar do mundo e o proxecto será comezado por **Juan Bautista de Toledo** e rematado por **Juan de Herrera** trala morte do anterior arquitecto.



A planta resulta un modelo de **simetría e unidade**, é un rectángulo reticulado no que os espazos se organizan en torno dunha serie **patios** distribuídos simetricamente, con catro torres destacan en altura á maneira dos alcázares reais. O conxunto está organizado por un claro eixe central, coa distribución do Colexio, o palacio e as dependencias monásticas ao redor dos diferentes patios. O exterior revela unha comprensión total da **inspiración clásica** seguindo a **austeridade** de **Bramante**. Destaca o carácter monumental, adquirindo o conxunto un aspecto de fortaleza inexpugnable, cunha total

pureza de liñas. Da incluso certa sensación de frialdade. A fachada da igrexa combina tamén un aspecto clásico e rigoroso con elementos manieristas como ese **corpo principal que se adianta** respecto do muro creando unha certa sensación de movemento, e o uso de ordes xigantes.

O Escorial está relacionado coa figura artística máis importante do século en España, xa que Doménikos Theotokópoulos, alcumado **O Greco**, virá a España en 1577 recomendado polo futuro papa **Paulo III**, co obxectivo de entrar a traballar no proxecto. Por encargo de **Felipe II** pintou primeiro **O soño de Felipe II** que foi do agrado do monarca, Un segundo encargo, **O Martirio de San Mauricio**, non lle gustou ao rei e pechoulle as portas da corte, polo que se traslada a Toledo. É nesta cidade, onde madurará o seu estilo, sufrindo unha transformación espiritual ao impregnarse do “misticismo castelán”. Foi moi popular no seu tempo de aí o gran número de cadros conservados.

A obra do Greco evoluciona claramente co tempo e a exposición ás diferentes influencias que recibe. Empeza a súa formación en Creta en contacto coas **iconas** bizantinas o que se relaciona con ese sentido da estilización e abstracción que sempre está presente na súa obra. En Italia recibe a influencia de **Tiziano**, en cuxo taller estivo, e posteriormente de **Miguel Ángel** do que adoptou as formas manieristas,. Aquí abandonará o predominio do debuxo para buscar unha atrevida técnica de manchas de cor e efectos de luz.

Desenvolve un **manierismo** moi persoal no que rompe co debuxo aplicando a cor a base de pinceladas anchas e toques moi libres e no que a anatomía e as proporcións se sacrifican en beneficio da expresión.. As súas obras caracterízanse por unha figuras alongadas, estilizadas, distorsionadas, serpenteantes, coma se os corpos fosen chamas, con composicións manieristas, moi dinámicas con tendencia a impulsar os xestos e os corpos cara ao alto. Gústalle representar nun mesmo cadro dúas ou máis escenas a distintas alturas e os seus cadros posúen máis dun centro de atención. Desenvolverá un colorido no que se aprecia a paleta veneciana, pero que evoluciona e incorpora cores metálicas e tornasoladas que lle dan un aspecto artificial e místico ás súas pinturas. Iso vese reforzado pola utilización de luces artificiais que non proceden dun foco ben definido, con fortes contrastes lumínicos, que nas súas obras finais acaban mesmo desmaterializando as figuras. Entre as súas obras máis importantes destacan algunhas como **O martirio de San Mauricio** (1580-82). Realizado para o Escorial, probablemente o Rei esperaba un cadro realista e que chamara á oración e a devoción e atopouse cun cadro no que as anatomías son arbitrarias e o episodio do martirio pasa a segundo plano e a cambio destácase a disputa de San Mauricio co centurión da Lexión Tebana, e a súa aceptación do martirio, sen xestos heroicos nin trazos épicos.



Tras o fracasado intento de entrar na corte, o Greco instálase definitivamente en Toledo onde atoparía un ambiente máis propicio para a súa pintura. Alí recibe o encargo de pintar o **Enterro do conde Orgaz** (1586-88.) e consolidarase como retratista (**O cabalariao da mano no peito**). Da última etapa do pintor, a máis "vangardista" e expresiva, podemos destacar **A adoración dos pastores** (1610).

Estes artigos son unha guía. Sobrepan as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente “listas” de referentes ou conceptos).